



CULLEREDO
CONCELLO
Conservatorio Profesional de Música

Programación DIDÁCTICA

PIANO COMPLEMENTARIO

Conservatorio Profesional de
Música de Culleredo

Conservatorio Profesional de Música
Rúa Andrés Pan Vieiro, nº 30
15670 O BURGO-CULLEREDO
Tfno. 981.667798

e-mail: conservatorio@culleredo.es

INDICE

Preámbulo

1. Obxectivos xerais

- 1. 1. Obxectivos específicos do primeiro curso (3º G. P.)
- 1. 2. Obxectivos específicos do segundo curso (4º G. P.)
- 1. 3. Obxectivos específicos do terceiro curso (5º G. P.)
- 1. 4. Obxectivos específicos do cuarto curso (6º G. P.)

2. Contidos xerais

- 2. 1. Contidos específicos do primeiro curso (3º G. P.)
 - 2. 1. 1. Contidos mínimos do primeiro curso (3º G. P.)
- 2. 2. Contidos específicos do segundo curso (4º G. P.)
 - 2. 2. 1. Contidos mínimos do segundo curso (4º G. P.)
- 2. 3. Contidos específicos do terceiro curso (5º G.P.)
 - 2. 3. 1. Contidos mínimos do terceiro curso (5º G. P.)
- 2. 4. Contidos específicos do cuarto curso (6º G.P.)
 - 2. 4. 1. Contidos mínimos do cuarto curso (6º G.P.)
- 2. 5. Temporalización dos contidos
 - 2.5.1. Primeiro curso
 - 2.5.2. Segundo curso
 - 2.5.3. Terceiro curso
 - 2.5.4. Cuarto curso

3. Metodoloxía

- 3. 1. Metodoloxía do primeiro curso (3º G. P.)
- 3. 2. Metodoloxía do segundo curso (4º G. P.)
- 3. 3. Metodoloxía do terceiro curso (5º G.P.)
- 3. 4. Metodoloxía do cuarto curso (6º G.P.)

4. Avaliación

- 4. 1. Criterios de avaliación
- 4. 2. Procedementos de avaliación
- 4. 3. Procedementos de cualificación
- 4. 4. Probas extraordinarias de setembro

4. 5. Procedementos de información
4. 6. Actividades de recuperación
- 5. Probas de acceso**
 5. 1. Probas de acceso a segundo curso (4º G. P.)
 5. 2. Probas de acceso a terceiro curso (5º G. P.)
 5. 3. Probas de acceso a cuarto curso (6º G. P.)
- 6. Materiais e recursos didácticos**
 6. 1. Recursos da aula
 6. 2. Recursos do centro
 6. 3. Recursos tecnolóxicos
 6. 4. Material bibliográfico
- 7. Temas transversais**
- 8. Actividades complementarias e extraescolares**
- 9. Atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo**
- 10. Procedementos para que o departamento coordine, valore e revise o desenvolvemento e resultados da súa programación didáctica.**
- 11. Procedemento para realizar a avaliación interna do departamento.**
- 12. Matrícula de honra e premio fin de grao.**

PREÁMBULO

En relación á materia de Piano Complementario, hai que sinalar a utilidade do piano como ferramenta para todo músico. Orientada deste modo, a materia vai ter unha características propias, que a diferencian da materia de Piano:

1) o piano en PC é visto como un medio, e non como un fin, para comprensión de procesos musicais: a harmonía, a polifonía, a verticalidade na música. Tamén vai ser visto o piano como un instrumento de apoio no posible papel dos nosos alumnos como futuros profesores, facilitándolles que poidan acompañar de xeito máis ou menos sinxelo os seus alumnos, dependendo do seu grao de aproveitamento da materia.

2) os alumnos comezan o estudo do piano en PC con maior idade que os que estudan o piano como instrumento principal, e isto vai posibilitar outras formulacións, que permiten un maior uso do razoamento e a comprensión dos procesos musicais implicados.

Non obstante, a pesar de que en boa medida a materia vai estar vinculada á comprensión

da harmonía e realización de prácticas ligadas a esta, hai que indicar aquí que tamén é necesaria a adquisición dunha técnica que permita un desenvolvemento eficaz no teclado, que pasa pola realización de exercicios específicos (escalas, estudos) e o traballo dun repertorio propio do instrumento.

E, para finalizar esta introdución, unha aclaración: como dixemos máis arriba, a materia de PC agora en LOE realízase ao longo dos catro últimos cursos no Grao Profesional, sendo estes de 3º a 6º. Por iso, cando falamos nesta programación dos obxectivos, contidos, etc. do curso 1º, estémonos a referir ao primeiro curso da materia, pero que se realiza cando o alumno está en 3º de GP, e así co resto dos cursos.

1. OBXECTIVOS XERAIS

A. Coñecer as distintas posibilidades do instrumento.

a. Coñecer as características construtivas e mecánicas do instrumento para entender as súas distintas posibilidades sonoras.

b. Coñecer os diferentes roles que pode desempeñar o piano: solista, acompañante, parte dun grupo e como ferramenta de traballo.

c. Coñecer os diversos recursos expresivos propios do instrumento ao longo das diferentes épocas.

B. Adquirir un grao de destreza na execución que permita desenvolverse coa maior soltura posible no teclado, enfrontándose á dificultade dun certo nivel..

a. Adoptar unha posición axeitada do corpo con respecto ao instrumento.

b. Relacionar a actividade muscular co resultado sonoro desexado.

c. Utilizar conscientemente o peso do brazo.

d. Adquirir noções básicas de dixitación.

e. Utilizar axeitadamente os pedais do piano.

C. Ler con fluidez partituras polifónicas, con plena comprensión das súas formulacións harmónicas así como dos seus aspectos lineais ou contrapuntísticos

a. Adquirir un sentido da orientación no teclado.

b. Aplicar as noções de dixitación para desenvolver unha maior fluidez na lectura a vista.

c. Utilizar a lectura anticipada como recurso na repentización.

d. Coñecer as tonalidades dun xeito práctico, a través da súa escala, arpexo e graos tonais.

D. Interpretar pezas do repertorio pianístico dentro do nivel esixido.

a. Vincular os coñecementos harmónicos e formais aprendidos nas materias teóricas coa práctica pianística.

b. Enriquecer a formación musical do alumno a través do estudo das diferentes texturas realizables co piano.

c. Desenvolver a memoria musical.

1. 1. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DO PRIMEIRO CURSO (3º G. P.)

1. Coñecer as partes básicas do piano e as súas posibilidades sonoras.
2. Adecuar a postura ao piano poñendo atención á altura do asento e á posición do brazo con relación ao teclado.
3. Adoptar unha boa colocación da man e familiarizarse coa dixitación pianística.
4. Diferenciar o papel do piano como instrumento solista e como acompañante.
5. Realizar de xeito básico diferenciacións dinámicas.
6. Coñecer e realizar as diferenzas entre o toque *legato* e *non-legato*.
7. Iniciar o alumno na análise da estrutura dunha obra dun xeito elemental.
8. Iniciar o alumno nas funcións harmónicas básicas (I, IV, V).
9. Iniciar o alumno no cifrado tradicional e no americano.
10. Iniciar o alumno no paso do polgar.
11. Adoptar a lectura á primeira vista como un elemento natural de aprendizaxe.
12. Tomar conciencia da importancia do estudo do piano como instrumento complementario para a súa formación como músico.
13. Iniciar o uso do pedal.

1. 2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DO SEGUNDO CURSO (4º G. P.)

1. Afianzar os obxectivos do primeiro curso.
2. Continuarase coa práctica do pedal.
3. Ampliar os recursos técnicos con exercicios, estudos específicos e escalas.
4. Realizar diferenciación dinámica entre melodía e acompañamento.
5. Ampliar a variedade de formas de ataque.
6. Iniciar o alumno nas características interpretativas dos diferentes períodos da literatura pianística.
7. Analizar a estrutura dunha obra de xeito básico.
8. Continuar afondando no coñecemento do cifrado harmónico e as cadencias básicas.
9. Improvisar melodías e acompañamentos rítmico-harmónicos.
10. Desenvolver a práctica da lectura á primeira vista.
11. Desenvolver a autonomía no traballo persoal.

1. 3. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DO TERCEIRO CURSO (5º G. P.)

1. Afianzar os obxectivos dos cursos anteriores.
2. Desenvolver un criterio axeitado no uso do pedal nas obras que o requiran.
3. Ampliar os recursos técnicos con exercicios, estudos específicos e escalas.
4. Practicar os diferentes roles no piano: solista, acompañante, catro mans.
5. Diferenciar dinamicamente os diferentes planos sonoros.
6. Ampliar as nocións de ataque afondando nos aspectos técnicos para a consecución dunha gama sonora máis variada.
7. Continuar familiarizándose cos diferentes estilos musicais interpretando obras de cada un deles.

8. Afianzar os coñecementos elementais de análise abordando a forma das obras a estudar.
9. Afondar no coñecemento do cifrado harmónico e das cadencias básicas nas diversas tonalidades.
10. Improvisar melodías e acompañamentos rítmico-harmónicos utilizando formas musicais básicas.
11. Ler textos á primeira vista dunha dificultade superior aos cursos anteriores.
12. Iniciarse na simplificación das partituras medianamente complexas reducíndoas a estruturas melódicas, harmónicas e rítmicas sinxelas, baseándose nunha análise previa.
13. Desenvolver a autonomía no traballo persoal e na resolución de dificultades propias do nivel.

1. 4. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DO CUARTO CURSO (6º G. P.)

1. Afianzar o aprendido nos tres cursos anteriores.
2. Evolucionar no ámbito técnico para afrontar obras de maior dificultade.
3. Afondar na adquisición de diversos tipos de ataque.
4. Interpretar con corrección estilística as obras do repertorio.
5. Utilizar a análise como ferramenta para a comprensión do texto musical.
6. Integrar os coñecementos harmónicos adquiridos na práctica da improvisación e a redución de partituras.
7. Conseguir unha lectura a vista fluída de textos de mediana dificultade.
8. Adquirir a capacidade de reducir e simplificar partituras dunha dificultade media, sexa de piano só ou de agrupacións instrumentais sinxelas.
9. Conseguir unha autonomía suficiente para poder aplicar os coñecementos adquiridos no Grao Profesional ás posibles necesidades que se poidan formular nun futuro ao alumno.

2. CONTIDOS XERAIS

- A. Desenvolvemento da percepción interna da propia relaxación, ligada a un principio de utilización consciente do peso do brazo.
- B. Planificación do traballo da técnica tendo en conta a unidade profunda dos factores que a determinan.
- C. Desenvolvemento da técnica dixital (independencia, velocidade, forza e resistencia nos movementos de articulación dos dedos e desenvolvemento da técnica braquial, caída e lanzamentos de antebrazo e brazo, movementos de rotación e circulares da man e pulso, desprazamentos laterais, etc).
- D. Principios de dicitación pianística.
- E. Práctica dos diversos modos de pulsación ou ataques posibles, en función sempre da dinámica, o fraseo e o sentido musical xeral do fragmento de que se trate.
- F. Desenvolvemento dunha técnica polifónica básica.
- G. Coñecemento dos pedais e das súas funcións.
- H. Práctica intensiva da lectura a primeira vista.
- I. Lectura harmónica (lectura de acordes, series de acordes enlazados, acordes despregados en toda a súa variedade de presentacións posibles, tales como fórmulas do tipo baixo de Alberti, acordes partidos, despregados de diversas maneiras, arpexados, etc.) e lectura contrapuntística, estritamente lineal, a dúas incluso a tres voces.
- J. Estudos de obras do repertorio pianístico de dificultade progresiva, prestando especial atención a todo aquel material de traballo que contribúa de maneira especial á

capacidade de aprender e de realizar de forma inmediata no teclado a escritura polifónica, posto que niso reside a utilidade esencial da disciplina.

2. 1. CONTIDOS ESPECÍFICOS DO PRIMEIRO CURSO (3º G. P.)

1. Exploración das partes do piano dun xeito práctico, visual e auditivo. Adquisición dunha postura correcta ao piano, tendo en conta a altura do asento, a posición do brazo, o pulso e a man respecto ás teclas e mantendo as costas relaxada para evitar posibles tensións e trabas na execución.
2. Interpretación de pasaxes en posición fixa de cinco dedos en diferentes tesituras.
3. Práctica de diferentes graos de dinámica.
4. Práctica de *legato* e *non-legato*.
5. Comprensión e realización de frases sinxelas tipo pregunta-resposta.
6. Realización de acordes tríades e de sétima de dominante nas tonalidades de Do, Sol e Fa maiores e os seus relativos menores utilizando tanto o cifrado harmónico como o americano.
7. Uso dos acordes básicos (I, IV, V) na realización de acompañamentos simples.
8. Práctica do transporte con acordes I, IV e V en tonalidades de Do, Sol e Fa así como os seus relativos menores.
9. Iniciación básica no paso do polgar (escalas cromáticas, diatónicas a dúas oitavas).
10. Lectura á primeira vista de obras e pasaxes de dificultade mínima.
11. Uso básico do pedal.
12. Iniciación á improvisación dentro das tonalidades estudadas.

2. 1. 1. CONTIDOS MÍNIMOS DO PRIMEIRO CURSO (3º G. P.)

Para alcanzar os obxectivos do curso e, polo tanto, aprobar, o alumno deberá realizar como mínimo os seguintes contidos:

1. Interpretación de tres obras do nivel do curso.
2. Enlace dos acordes tonais (I, IV e V) en Do, Sol e Fa maiores e la, mi e re menores.
3. Escalas das devanditas tonalidades, de dúas oitavas.
4. Lectura á primeira vista de obras moi sinxelas, sen cambio de posición.

2. 2. CONTIDOS ESPECÍFICOS DO SEGUNDO CURSO (4º G. P.)

1. Reforzo dos contidos aplicados no primeiro curso.
2. Emprego con soltura do pedal.
3. Estudo de exercicios e obras onde se realice o paso do polgar ponendo atención á uniformidade no son e a boa posición da man.
4. Práctica de escalas a dous oitavas nas tonalidades maiores e menores de ata dúas alteracións.
5. Aplicación de criterios básicos de dixitación.
6. Estudo de obras que tratan dificultades técnicas específicas, ampliando o traballado no curso anterior.
7. Interpretación de obras ou fragmentos onde sexa necesario facer unha diferenciación dinámica clara entre melodía e acompañamento, podendo ser este en forma de acordes.

8. Combinación de diversos ataques e articulacións.
9. Toma de contacto con obras de diferentes épocas intentando apreciar os elementos estilísticos máis representativos.
10. Aproximación teórica ás diferentes partes dunha obra e ás consecuencias musicais derivadas.
11. Realización de acordes tríades e de sétima de dominante nas tonalidades maiores e menores de ata dúas alteracións utilizando estruturas que conteñan os graos I, IV e V expresados tamén en cifrado americano.
12. Práctica da cadencia andaluza.
13. Práctica de transporte de pequenas obras ou pasaxes sinxelas con acordes I, IV e V en tonalidades de ata dúas alteracións.
14. Práctica de lectura á primeira vista.
15. Improvisación e elaboración de motivos e frases musicais dentro das tonalidades estudadas.

2. 2. 1. CONTIDOS MÍNIMOS DO SEGUNDO CURSO (4º G. P.)

Para alcanzar os obxectivos do curso e, polo tanto, aprobar, o alumno deberá realizar como mínimo os seguintes contidos:

1. Interpretación de tres obras do nivel do curso.
2. Traballo de diferentes estruturas harmónicas,
3. Realización dunha estrutura harmónica improvisada,
4. Escalas das devanditas tonalidades, de tres oitavas.
5. Lectura á primeira vista de obras sinxelas.

2. 3. CONTIDOS ESPECÍFICOS DO TERCEIRO CURSO (5º G. P.)

1. Reforzo dos contidos aplicados nos cursos anteriores.
2. Uso con criterio do pedal de resonancia e celeste.
3. Diferenciación dos diferentes planos sonoros no repertorio a traballar.
4. Práctica de escalas a mans xuntas en tonalidades maiores e menores de ata catro alteracións.
5. Estudo de exercicios e obras onde se traballe tanto o *legato* como en *non legato*.
6. Desenvolvemento dun criterio persoal á hora de escoller dixitacións axeitadas.
7. Traballo de obras de diferentes estilos.
8. Combinación de diferentes ataques e articulacións.
9. Coñecemento teórico das diferentes partes dunha obra e as consecuencias musicais derivadas.
10. Realización dos acordes tríades en todos os graos e de sétima de dominante nas tonalidades maiores e menores de ata catro alteracións utilizando tanto o cifrado harmónico como o americano.
11. As dominantes secundarias.
12. Práctica da lectura a vista de obras, fragmentos e acompañamentos de mediana dificultade.
13. Construción de formas musicais básicas mediante a improvisación de melodías e acompañamentos.

2. 3. 1. CONTIDOS MÍNIMOS DO TERCEIRO CURSO (5º G. P.)

Para alcanzar os obxectivos do curso e, polo tanto, aprobar, o alumno deberá realizar como mínimo os seguintes contidos:

1. Interpretación de tres obras do nivel do curso.
2. Traballo de diferentes estruturas harmónicas.
3. Harmonización dunha melodía dada, utilizando acordes en estado fundamental e invertidos, ata dúas alteracións.
4. Escalas das devanditas tonalidades, de tres oitavas.
5. Lectura á primeira vista de pezas axeitadas ao nivel.

2. 4. CONTIDOS ESPECÍFICOS DO CUARTO CURSO (6º G. P.)

1. Afianzamento dos aspectos aprendidos nos cursos anteriores.
2. Utilización con criterio propio do uso do pedal: sincopado, anticipado e rítmico.
3. Adquisición de maiores destrezas técnicas que faciliten a interpretación de obras polifónicas máis complexas.
4. Correcto uso dos diferentes tipos de ataque (*legato*, *non legato* e *staccato*), de articulacións e de fraseos.
5. Comprensión dos diferentes estilos e interpretación de obras correspondentes a cada un.
6. Interpretación das obras tendo en conta a súa análise harmónico-formal.
7. Realización dos acordes tríades en todos os graos e de sétima de dominante en todas as tonalidades maiores e menores utilizando tanto o cifrado harmónico como o americano.
8. Outros graos tonais: II, III e VI.
9. Práctica da lectura a vista con ambas as dúas mans en partes diferenciadas e na práctica do piano a catro mans.

2. 4. 1. CONTIDOS MÍNIMOS DO CUARTO CURSO (6º G. P.)

Para alcanzar os obxectivos do curso e, polo tanto, aprobar, o alumno deberá realizar como mínimo os seguintes contidos:

1. Interpretación de tres obras do nivel do curso.
2. Traballo de diferentes estruturas harmónicas.
3. Harmonización dunha melodía dada, utilizando acordes en estado fundamental e ás súas inversións, ata catro alteracións.
4. Escalas das devanditas tonalidades, de tres oitavas.
5. Lectura á primeira vista de pezas axeitadas ao nivel.

2. 5. TEMPORALIZACIÓN DOS CONTIDOS

A aprendizaxe dunha disciplina artística, como é a interpretación musical, é un proceso en espiral, é dicir, sempre damos voltas ao mesmo, cada vez con maior profundidade. Non é unha aprendizaxe lineal. O nivel de profundidade dos aspectos traballados marcará a madurez musical do alumno e a dificultade crecente das obras e exercicios traballados. Ademais, polas mesmas características da interpretación musical, é necesario traballar simultaneamente varios dos contidos, polo que non é posible facer unha distribución temporal consecutiva destes.

Hai uns obxectivos para a materia ao longo dos catro cursos nos que se imparte, e uns contidos a través dos cales se pretende chegar aos devanditos obxectivos. Logo, na práctica, cada alumno presenta unhas características en canto a capacidades, destrezas desenvolvidas, necesidades e destrezas por desenvolver, diferentes. Afortunadamente, e debido tamén ás características propias da aprendizaxe dunha disciplina artística, neste caso instrumental, as clases son individuais. Isto permite que, sen perder de vista os obxectivos últimos da materia, poidamos adaptar en cada momento os contidos e as actividades que os desenvolven a cada alumno. Finalmente, se consideramos que se alcanzaron os obxectivos, cada alumno chegará a tocar o piano cunha serie de recursos técnicos e saberá tamén o utilizar como ferramenta para a comprensión de procesos musicais, concretamente no referido á polifonía e a harmonía. O camiño seguido por cada alumno será diferente. Por iso, é realmente difícil, e, sobre todo, teórico e afastado da práctica, facer unha distribución secuenciada de contidos e actividades, pois como quedou dito, as necesidades de cada momento irán indicando as actividades máis axeitadas.

Non obstante, a título orientativo e meramente informativo, poderíase facer unha secuenciación de contidos, que sería a seguinte. Pero non perdendo nunca de vista que é unha teorización e que, como tal, será moi improbable atopar un só caso no que se seguira esta planificación, sen que iso signifique un fracaso no proceso de aprendizaxe.

TEMPORALIZACIÓN DOS CONTIDOS

Os contidos desta materia están moi relacionados uns con outros e, normalmente, vanse traballar dun xeito simultáneo e continuo, ao longo do curso.

A modo orientativo, recollemos a continuación unha distribución temporal dos contidos mínimos de cada curso.

2. 5. 1. PRIMEIRO CURSO

- Interpretación de diferentes obras do nivel do curso.
- Enlace de acordes tonais.
- Escalas de unha oitava.
- Lectura á primeira vista de obras moi sinxelas.

2. 5. 2. SEGUNDO CURSO

- Interpretación de diferentes obras do nivel do curso.
- Enlace de acordes tonais .
- Escalas de dúas oitavas.
- Lectura á primeira vista de obras.

2. 5. 3. TERCEIRO CURSO

- Interpretación de diferentes obras do nivel do curso.
- Enlace de acordes tonais
- Escalas de tres oitavas.
- Lectura á primeira vista de obras.
- Improvisación.
- Memorización.

2. 5. 4. CUARTO CURSO

- Interpretación de diferentes obras do nivel do curso.
- Enlace de acordes tonais
- Escalas de catro oitavas.
- Lectura á primeira vista de obras.
- Improvisación.
- Memorización.

3. METODOLOXÍA

3. 1. METODOLOXÍA DO PRIMEIRO CURSO (3º G. P.).

1. Ao principio faremos unha descrición do piano desmontando as súas diferentes partes, deixando á vista do alumno o seu mecanismo e facéndoo partícipe desta exploración.

2. Tratarase de habituar ao alumno a que adopte unha boa posición ante o piano de xeito progresivo, insistindo sobre iso en cada clase, facéndoo ver e sentir que a postura máis relaxada é a que resulta máis útil.

3. En canto á situación do alumno no teclado iniciaremos o traballo partindo do Do central situando o alumno nos distintos rexistros do piano asociándoo coas claves de Sol e Fa.

4. Para iniciar o alumno na dixitación pianística, teremos en conta as posibles diferenzas respecto á dixitación do seu instrumento principal.

5. O alumno recoñecerá as diferenzas dinámicas entre *forte* e *piano* mantendo para iso unha execución relaxada facendo uso do peso do brazo e evitando presións innecesarias. A disociación dinámica de ambas as dúas mans levará a cabo pola práctica de diferentes exercicios (diferenciación entre diferentes roles: melodía –acompañamento).

6. Abordarase o ataque simultáneo de varias notas mediante o uso de acordes. Poderanse aplicar no acompañamento sinxelo con dous acordes de funcións harmónicas diferentes. Dependendo do nivel de aprendizaxe do alumno, levarase o aprendido ao terreo da improvisación.

7. O traballo dos tipos de toque dependerá da idade e da conformación física da man de cada alumno. Iniciarase o traballo no piano cun toque *non legato* evitando así tensións e favorecendo a forza e flexibilidade da man. Progresivamente irase introducindo o toque *legato* coa realización de diversos exercicios de posición fixa con cinco dedos abrangando rexistros diferentes.

8. Iniciarase o traballo do paso do polgar con pequenos exercicios tendo en conta a elasticidade do brazo, pulso e o seu movemento progresivo para a súa correcta execución.

9. Practicarase a memoria en pasaxes breves e sinxelas facendo uso da análise harmónica - formal previa.

10. Iniciarase o alumno de xeito gradual á lectura á primeira vista partindo para iso das mans separadas, seguindo con mans xuntas a distancia de oitava, mans xuntas en distintas oitavas, etc., pouco a pouco aumentándose a dificultade.

11. Iniciarase o alumno no transporte de estruturas harmónicas sinxelas (I,IV, V) nas tonalidades de Do, Fa e Sol e os seus relativos menores.

12. A iniciación ao alumno ao uso do pedal desenvolverase mediante a realización de pequenos exercicios cunha soa nota, pasando despois aos acordes. O máis recomendable sería empezar a usalo en obras xa interpretadas ou en momentos concretos das obras (en acordes finais).

13. Iniciarase ao alumno nos fundamentos básicos da improvisación..

3. 2. METODOLOXÍA DO SEGUNDO CURSO (4º G. P.).

1. Continuarase traballando os aspectos fundamentais tratados no primeiro curso.
2. Buscarase combinar e contrastar durante as clases ao longo de todo o curso a práctica dos diferentes roles pianísticos: solista, acompañamento, catro mans, etc.
3. Traballarase aspectos técnicos como o tipo de toque, as dicitacións, as dinámicas mediante exercicios e extraendo diferentes pasaxes dunha obra.
4. Continuarase traballando no pedal empregandoo nas obras do curso.
5. O traballo de acordes, cadencias, progresións, etc., realizarase nas obras mediante a análise previa, o que implicará tamén traballar fóra destas.
6. Traballarase de forma paralela as escalas e arpejos tendo en conta aspectos como o paso do polgar, as dicitacións, os acordes, prestando especial atención á posición e apertura da man ata assimilar o "molde" propio de cada acorde.
7. Continuarase o traballo dos diferentes roles das mans (melodía -acompañamento) mediante o practica de exercicios (cantando, etc.).
8. Practicarase obras de diferentes épocas explicando as súas características estilísticas.
9. O traballo da improvisación farase a partir de harmonías, motivos melódicos sinxelos e ritmos dados previamente incluíndose os conceptos de notas reais e de adorno (notas de paso).
10. Seguirase traballando a lectura á primeira vista de pasaxes sinxelas de obras agora xa con ambas as dúas mans utilizando criterios coherentes de dicitación, lectura anticipada para desenvolver a fluidez na lectura, regularidade no tempo, e evitando mirar ao teclado na medida do posible.
11. Para a práctica da memoria seria interesante a memorización dalgunha obra do repertorio.

3. 3. METODOLOXÍA DO TERCEIRO CURSO (5º G. P.)

1. Seguiranse traballando aspectos fundamentais vistos no segundo curso.
2. Combinar durante as clases durante todo o curso a práctica dos diferentes roles pianísticos: solista, acompañamento, catro mans, etc.
3. Seguiranse traballando aspectos técnicos como o tipo de toque, as dicitacións, as dinámicas mediante exercicios e diferentes pasaxes dunha obra.
4. Habituarase ao alumno no uso do pedal nos diversos aspectos do Piano Complementario e será o profesor quen dea dunhas pautas para que teña un criterio propio en canto a pedalización.
5. O traballo de acordes, cadencias, progresións, etc., realizarase nas obras mediante a análise previa, o que implicará tamén traballar fóra destas.
6. Traballarase diversos aspectos técnicos (exercicios con escalas e arpejos) para reforzar e completar a formación pianística do alumno.
7. Práctica de obras de diferentes estilos, linguaxes (Jazz, música tradicional, etc.).
8. O traballo da lectura a vista levarase a cabo a partir dunha análise previa por parte do alumno.

9. Traballarase a improvisación a partir de estruturas harmónicas e formais previamente dadas.

10. No traballo memorístico o profesor traballará co alumno utilizando as obras do repertorio desenvolvendo exercicios e pautas para desenvolver os diversos tipos de memoria existentes (auditiva, muscular, visual, analítica, etc.).

11. Inculcarase ao alumno dunhas pautas a seguir para desenvolver a súa autosuficiencia no estudo e así desenvolver uns criterios pianísticos propios á hora de solucionar calquera tipo de problema musical ou técnico.

3. 4. METODOLOXÍA DO CUARTO CURSO (6º G. P.)

1. Seguiranse traballando aspectos fundamentais vistos no terceiro curso.

2. Combinar durante as clases durante todo o curso a práctica dos diferentes roles pianísticos: solista, acompañamento, catro mans, etc.

3. Seguiranse traballando aspectos técnicos como o tipo de toque, as dixitacións, as dinámicas mediante exercicios e diferentes pasaxes dunha obra.

4. Habituarase ao alumno no uso do pedal nos diversos aspectos do Piano Complementario e buscando que adquira un criterio propio en canto a pedalización.

5. O traballo de acordes, cadencias, progresións, etc., realizarase nas obras mediante a análise previa o que implicará tamén traballar fóra destas.

6. Continuarase traballando diversos aspectos técnicos (exercicios con escalas e arpexos) para reforzar e completar a formación pianística do alumno.

7. Improvisación a partir de estruturas harmónicas e formais con certo grao máis de complexidade que no curso anterior. Incluirase para iso o respecto ás dinámicas, liñas de fraseo, notas de adorno, etc.

8. Práctica da lectura a vista utilizando todos os elementos aprendidos e prestando especial atención aos musicais (matices, respiracións, fraseos, etc.).

9. Continuarase iniciando o alumno ao transporte de pezas de maior dificultade que en cursos anteriores.

10. Realizarase a redución de partituras co apoio de anotacións dos graos tonais básicos e sinais que faciliten a redución (Baixo cifrado, harmonía tradicional, etc.).

4. AVALIACIÓN

4. 1. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

NOTA PREVIA SOBRE OS CRITERIOS DE AVALIACIÓN (aplicable en todos os cursos desta programación didáctica).-

O alumnado que, estando matriculado no centro, non poida asistir ás clases nin ás avaliacións por causas debidamente xustificadas e acreditadas (estadías no estranxeiro por estudos, etc.) deberá manterse en contacto telemático co profesor ou profesora da asignatura, sempre de xeito regular e frecuente (clases on line).

No caso da 1ª e 2ª Avaliación, os exames correspondentes celebraránse a través de conexións en directo (por teren estas avaliacións un carácter informativo e orientativo). No caso da Avaliación Final de curso, e dada a súa transcendencia, os

exames deberán desenvolverse coa presenza física do alumno ou alumna no centro, segundo a correspondente convocatoria.

Con base no cumprimento dos obxectivos do curso, en cada un dos cursos valoraranse os seguintes aspectos:

1. A realización dos contidos mínimos arriba recollidos (específicos para cada curso), nos que se reflicta:

- a) A resolución correcta de aspectos técnicos instrumentais.
- b) A comprensión dos procesos musicais implicados.

2. Tamén se valorará aspectos actitudinales como: compromiso coa materia, reflectido nuns hábitos de estudo regulares e axeitados, interese en mellorar, esforzo, mostra de iniciativa, ademais de regularidade ao longo do curso.

4. 2. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

Os criterios de avaliación aplicaranse por medio dos seguintes procedementos:

1. Observación sistemática individual en clase, a través do caderno do profesor. Neste reflectirase a evolución do alumno, o traballo realizado no seu estudo persoal, o grao de cumprimento dos obxectivos e as incidencias que o profesor considere oportuno. No caso de que o profesor non utilize caderno, teranse en conta igualmente os aspectos antes citados.

2. Audicións. Se o departamento o considera oportuno, poderanse organizar audicións nas que interveñan os alumnos, que tamén serán tidas en conta para a avaliación.

3. Probas. Se o departamento o considera oportuno, realizaranse probas conxuntas nas que se valorarán contidos que, ademais da interpretación do repertorio, inclúan a realización de estruturas harmónicas, improvisacións, escalas, etc.

4. 3. PROCEDEMENTOS DE CUALIFICACIÓN

A nota será numérica, sen a inclusión de decimais, do 1 ao 10. Para poder superar o curso, o alumno ha de obter unha cualificación igual ou maior a 5.

Para a cualificación terase en conta o cumprimento dos obxectivos a través dos procedementos arriba mencionados.

Farase a observación sistemática dos seguintes aspectos:

- cumprimento dos contidos específicos do curso.
- actitude en clase e respecto á materia.
- audicións e probas.

4. 4. PROBA EXTRAORDINARIA

No caso de que o alumno non alcance os obxectivos do curso e obteña na avaliación de maio unha cualificación inferior a 5, contará cunha proba extraordinaria que consistirá en demostrar, a través dunha proba práctica, que asimilou os contidos mínimos do curso, recollidos nesta programación.

4. 5. PROCEDIMENTOS DE INFORMACIÓN

O alumno recibirá trimestralmente o boletín de cualificacións, que en primeiro e segundo trimestre terá un valor unicamente informativo. A cualificación final do curso non suporá necesariamente a nota media dos tres trimestres.

No caso dos alumnos menores de idade, devolverán o boletín asinado polos pais ao profesor tutor.

4. 6. ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN

No caso de que o alumno ascenda de curso coa materia de Piano Complementario pendente, continuarase traballando os contidos do curso inferior, ata que alcance o nivel para afrontar os do curso seguinte. Isto facilitarao o feito de que as clases son individuais e, deste modo, a adaptación ao nivel e necesidades do alumno é doada de realizar.

Se se considera convinte, poderanse poñer tarefas extras para superar carencias concretas, mesmo no caso de non ter a materia pendente.

5. PROBAS DE ACCESO

Para o acceso aos diferentes cursos de Grao Profesional (a 4º, 5º e 6º) realizaranse unhas probas para valorar os coñecementos do alumno na materia de Piano Complementario. No caso do acceso 3º non se lle realizará a devandita proba, xa que non se lle supoñen coñecementos previos de piano.

5. 1. PROBAS DE ACCESO A SEGUNDO CURSO (4º G. P.)

- Interpretación dunha obra de nivel de primeiro curso, a elixir entre dúas presentadas polo alumno.
- Lectura á primeira vista dunha peza sinxela, sen cambios de posición.
- Realización dunha estrutura harmónica improvisada.

5. 2. PROBAS DE ACCESO A TERCEIRO CURSO (5º G. P.)

- Interpretación dunha obra de nivel de segundo curso, a elixir entre dúas presentadas polo alumno.
- Lectura á primeira vista dunha peza sinxela, con cambios de posición.
- Realización dunha estrutura harmónica improvisada, con acordes de I, IV e V graos e unha tonalidade ata dúas alteracións.

5. 3. PROBAS DE ACCESO A CUARTO CURSO (6º G. P.)

- Interpretación dunha obra de nivel de terceiro curso, a elixir entre dúas presentadas polo alumno.
- Lectura á primeira vista dunha peza de nivel de 3º curso de Piano Complementario. – Harmonización dunha melodía dada, utilizando acordes de tónica, dominante con séptima, subdominante e os seus inversions, ata tres alteracións. Valorarase o deseño do acompañamento.

6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

6. 1. RECURSOS DA AULA

- Un piano e dúas banquetas regulables.
- Armario onde gardar partituras, metrónomo e demais material.
- Material para a lectura á primeira vista e material pedagóxico para improvisación e repertorio.

6. 2. RECURSOS DO CENTRO

- 9 Cabinas de estudo con piano.
- Auditorio para a realización de audicións e tamén outras aulas de maior amplitude. - Biblioteca con libros, partituras e discos.

6. 3. RECURSOS TECNOLÓXICOS

- Equipo de música.
- Televisor, vídeo e lector de DVD (do centro).
- Material de gravación: minidisc (do centro).
- Ordenadores a disposición de profesores con acceso a Internet.
- Ordenador a disposición dos alumnos con acceso a Internet

6. 4. MATERIAL BIBLIOGRÁFICO

Esta selección de obras e métodos é unicamente orientadora e será utilizada segundo o criterio do profesor e o nivel do alumno.

Métodos

AMAT: "O Meu primeiro libro de piano".

BASTIEN: "Piano básico" Nivel elemental, 1, 2.

BUXÓ, TOMÁS: "Pequenos estudos melódicos e de mecanismo doados e progresivos". (Unión Musical).

CASEIRO, A.; COSTA, M. A.: "Piano complementario" (Rivera).

ECKSTEIN, MAXWELL: "Junior let us have music for Piano". Ed. Carl Fischer. EMONTS, F.: "Método europeo". (Schott Vol. 1, 2 e 3).

GARCÍA VEIGAS, L.: "Piano complementario". (Música Didáctica S.L.).

MOLINA, E.: "Piano complementario" (Real Musical Vol. 1, 2, 3 e 4). SANCHEZ PENA, A.: "Piano práctico". (Real Musical).

SCHOENMEHL, MIKE: "Studies in pop".

VAN DE VELDE: "Método rosa".

VAN ZABNER: "Piano Fitness" (2 volumes).

Exercicios e estudos

Beyer, Bürgmuller, Czerny, Heller, Herz, Smith, Hanon, etc.

Lectura á primeira vista

Partituras para piano e a catro mans de dificultade axeitada ao nivel. NEIL A.: "A line day" (1, 2, 3, 4). (Kjos Music Company).

SANTACANA, B.: "O piano a primeira vista" (Ed. Boileau).

TICHY, VLASTIMIL: "Blattspielen für Pianisten" (Lectura a vista para pianistas).

Acompañamento de melodía

WILLIART, CAMILO: "O Acompañamento da melodía". Ed. Real Musical.

Transporte

Fragmentos e pezas de dificultade axeitada ao nivel.

DOUPOND, G.: "Método de Transposición de Piano". Ed. Boileau.

WILLIART, C.: "Novo método de Acompañamento". Ed. Real Musical.

Repertorio-lectura

Barroco: J. S. BACH, (Álbum de Ana Madalena. Pequenos preludios. Invencións a dúas voces), obras pequenas de Telemann, Türk, C. P. E. Bach, Haendel, Purcell, Couperin, etc.

Clasicismo: Sonatinas ou sonatas e variacións de Haydn, Beethoven, Diabelli (Estudos Op. 25, Sonatinas), Mozart (Pezas doadas), Dussek, Clementi (Sonatinas), etc.

Romanticismo: Obras de Schubert, Schumann (Álbum para a xuventude), Chopin, Brahms, Liszt, Mendelssohn (Pezas para nenos Op. 72, Romanzas sen palabras), Tchaikovsky (Álbum para a xuventude), etc.

Música española: Obras de Granados, Rodrigo (Sonatina para dúas bonecas), Turina (7 Pezas para piano), Albéniz, Guridi, Mompou, García Abril (Cadernos de Adriana), Montsalvatge (A arca de Noé), etc.

Século XX: Obras de Debussy, Bartók (For Children, Mikrokosmos), Shostakovich (6 Pezas doadas), Prokofiev, Stravinsky (Suite dos 5 dedos), etc.

Música contemporánea: "Álbum de Colien", Ana María Locatelli (A notación da música contemporánea), Manuel Castillo (Introdución ao piano contemporánea), George Crumb (5 pezas), Zsolt Durkó (Kindermusik, Dwarfs and giants), Sofía Goubaidulina (Musical Toys), M. Anxo Herranz-Mario Monreal (O piano Op. 1 e 2), Kurtág (Játekok), Teo Luevendee (Four easy pieces), Carlos Ruiz de Castro (Imaxes de infancia), Benxamín Santacama (Cando o piano canta, El piano á primeira vista), Alfred Schnittke (Kleine Klavierstücke), Víctor Suslin (Musik für zinder), etc.

Baixo americano. Jazz. Moderno

"The New Real Book".

"Beatles Complete. Ed. Northern Songs Limited.

AEBERSOLD, J.: "Jazz and Rock, nothin´but blues".

AGAY, DENES: "Broadway Classics". Ed. M. Witmark & Sons.

ALFASSY, LEO: "Blues Hanon". Ed. Amsco Publications.

ALFASSY, LEO: "Boogie Boogie Hanon". Ed. Amsco

Publications. CAMP, MANUEL: "Basic Jazz". (Boileau).

DEGREG, Ph.: "Jazz keyboard Harmony".

HOFFMANN, R; SCHMELING, P.: "Berklee Practice Method Keyboard". GERARD, CH.: "Jazz Riffs".
NORTON, C.: "Microjazz for starters piano duets". Ed. Boosey & Hawkes.
PETERSON, OSCAR: "Jazz Piano for the young pianists". Ed. Tomi Music co.
RICKER, R.: "Pentatonic scales for jazz improvisations".
RICKER, R.: "Technique development for jazz improvisation".
SCHWARTZ, S.; MANCE, J.: "Blues Piano Course".

Improvisación

MOLINA, E.: "O piano, improvisación e acompañamento" Ed. Real Musical
MOLINA, E.: "Improvisación" (Vol. 1 e 2)
WIEDEMANN: "Improvisationskurs" (curso de improvisación)

7. TEMAS TRANSVERSAIS

No referente aos temas transversais (educación para a paz e a solidariedade, sexual, vial, para o consumo, etc.), vai continuarse o traballo do curso anterior, centrado na educación para a saúde, xa que consideramos que é moi importante no noso labor como intérpretes ter moi en conta aspectos como a postura, a ergonomía, unha respiración axeitada, a relaxación tanto física como mental e emocional, etc.

Ademais, neste curso, imos facer tamén fincapé na educación para a paz e a solidariedade e isto levándoo á práctica dun xeito sinxelo e cotián, no respecto ao compañeiro e ao seu traballo como músico, e a colaboración entre eles. Buscaremos actividades que poñan en evidencia a dependencia duns doutros, como pode ser tocar xuntos, participar nas audicións dun xeito activo, tanto como intérpretes coma na audición respectuosa e interesada, etc.

8. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Como se citou anteriormente, na epígrafe referida á avaliación, poderanse realizar audicións dentro do Departamento de Piano Complementario, ben no auditorio, ben nunha aula coa suficiente capacidade para un bo número de alumnos. Por outra banda, poderase buscar a colaboración con outros departamentos, de modo que os alumnos de cursos máis altos poidan, puntualmente, acompañar a alumnos doutros instrumentos dos niveis iniciais, vendo así unha aplicación directa e práctica do que están a aprender na materia e que, posiblemente, no futuro lles poida ser de apoio no seu labor como docentes doutro instrumento (contar co apoio do piano para acompañar aos seus alumnos, aínda que sexa só nos niveis iniciais).

9. ATENCIÓN AO ALUMNADO CON NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO

Dado que os estudos que se realizan no conservatorio non son obrigatorios, e, ademais, para ingresar este hai que pasar unha proba de aptitudes, non se adoitan formular problemas de base de deficiencias aptitudinais graves. Non obstante, pódense presentar algunhas situacións especiais:

- **Déficit formativo:** hai algunha área ou aspecto que o alumno non domina ao nivel axeitado ao seu curso.

- **Enfermidade:** que lle impide a asistencia á clase durante un prolongado de tempo ou que afecta directamente á súa condición de intérprete (unha fractura dun brazo, por exemplo).
- **Altas habilidades:** no caso de alumnos superdotados, ou máis dotados que a media, se o ritmo de ensino resulta lento podería baixar moito o rendemento, por aburrimiento e falta de estímulo.
- **Dificultade de aprendizaxe:** pode ser nunha área concreta, un aspecto que necesitaría ser reforzado ou xeneral.

A continuación, **respostas** que daremos ante estas situacións:

1. Intensificar a relación persoal. Recoller datos, información, directamente do alumno ou do ámbito (pais, médico se é o caso, etc.).
2. Acción titorial. Reflectida en accións concretas, busca de solucións individuais.
3. Reforzo educativo (puntual). No caso de faltas de asistencia (por enfermidade), tarefa extra para recuperar. Tamén no caso de deficiencia formativa en aspectos puntuais, reforzar a aprendizaxe con exercicios específicos que veñan resolvelos.
4. Adaptación curricular. No caso que se vexa necesario e xustificado.

10. PROCEDIMENTOS PARA QUE O DEPARTAMENTO COORDINE, VALORE E REVISE O DESENVOLVEMENTO E RESULTADOS DA SÚA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.

O departamento encargarse de avaliar os resultados ao final de cada período lectivo. Ao finalizar cada trimestre debe valorarse os resultados adquiridos polos alumnos con respecto aos obxectivos establecidos inicialmente. Así mesmo, revisaranse os obxectivos e contidos programados para o trimestre seguinte. Ao final do curso farase un análise dos resultados xerais do curso académico, recollendo nunha breve memoria o número de aprobados e suspensos, as cualificacións por alumnos e a media da promoción, obxectivos e contidos desenvoltos e a que nivel, así como calquera outra peculiaridade que sexa proposta polo docente ou solicitada polo Xefe do departamento ou pola xefatura de estudos. Estes datos e o seu análise formarán parte da memoria anual do centro.

11. PROCEDIMIENTO PARA REALIZAR A AVALIACIÓN INTERNA DO DEPARTAMENTO

A avaliación interna do departamento está enmarcada dentro dos procedementos de avaliación do centro. Esta levarase a cabo en cada unha das reunións preceptivas, co intercambio de opinións os compoñentes do mesmo. Ao finalizar cada curso o departamento porá en marcha a elaboración da memoria anual na que deberán ter en conta os datos aportados por cada materia. En base aos datos obtidos analizaranse posibles procedementos de mellora cara ao curso seguinte de forma conxunta que serán propostos ante a xefatura de estudos.

12. MATRICULA DE HONRA E PREMIO FIN DE GRAO

Para a obtención do Premio fin de grao e a Matrícula de honra, atenderase ao disposto na Orde do 10 de marzo de 2009 pola que se regula o procedemento para a obtención de Matrícula de honra e Premio de fin de grao nas ensinanzas profesionais de música e danza.